

O folclore mundial estará presente en Ourense

Páxina III



En marcha a ponte peonil As Neves-Monção

Páxina IX



Ampliación do Polígono de A Pasaxe en Gondomar

Páxina XIII



Harvard estuda o monte comunal de Couso

Páxina XII



Vigo lidera a creación de riqueza en Galicia

Páxina XIV



Zona Franca aproba os orzamentos 2026

Páxina XV



XXVIII Feira da Rosca e VII Túnel do Viño de Amandi en Sober

Páxina IV

Encontro da Red de Juderías en Tui para 2026

Páxina X



Galicia Gourmet

25 años haciendo amigos
Seguimos trabajando para ti...

Almacén y oficinas: Ctra. de Baltar Km 3. Xinzo de Limia
Tenda: Santo Domingo 4, Praza do Ferro. Ourense
648 49 67 56 www.productosdegalicia.com



Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos
Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE

OURENSE

Tren útil para o oriente ourensán

A plataforma cidadá “Dereito ao Tren” organizou unha multitudinaria manifestación desde a antiga estación de tren da Gudiña ata a nova estación A Gudiña-Porta de Galicia, para “esixir ao Ministerio de Transportes a inmediata reordenación dos horarios ferroviarios, co fin de garantir conexións útiles adaptadas ás necesidades da poboación da zona de influencia da estación”.

O cineasta Rubén Riós, presidente do colectivo, sinalou que se trata de facer presión ante “uns horarios ferroviarios que, a pesar da existencia de liñas de alta velocidade, resultan totalmente inoperativos para a cidadanía. Os trens chegan ou saen a horas que impiden utilizar o servizo para traballar, estudar, acudir a unha cita médica ou realizar xestións básicas, reducindo así a infraestrutura ferroviaria a unha



Na foto de Carlos Hervella, os manifestantes na Gudiña-Porta de Galicia.

ferramenta inútil para o día a día”.

A plataforma asegura que pese a contar “cunha estación moderna e estratexicamente situada como

é a de Porta de Galicia na Gudiña, os horarios actuais non permiten desprazamentos de ida e volta no mesmo día a cidades clave como Madrid o que obriga ás persoas para depender do coche privado, cos consecuentes custos adicionais, impacto ambiental e unha brecha de mobilidade cada vez maior respecto a outras zonas do Estado”. O obxectivo é canalizar este malestar colectivo, organizando actos informativos e recollendo queixas formais por todas as comarcas da área de influencia da estación e por outros puntos do interior galego.

En apenas unhas semanas, xa se reuniron miles de queixas cidadás, que serán entregadas ao Ministerio de Transportes.

Programa de proxeccións de cine nas rúas

O proxecto “Circuíto provincial de cine de verán 2025”, achegará o audiovisual a 30 municipios ourensáns. Varias das películas rodáronse en Ourense e contaron con apoio da Deputación de Ourense.

A longametraxe “+ Cuñados” proxectarase durante o verán nos

concellos de Barbadás, Maside, Nogueira de Ramuín, Celanova, Vilarinho de Conso, O Bolo, Melón e Sarreaus; “As Neves” poderá verse en Viana do Bolo, Castrelo de Miño, Piñor, Avión, Montederramo e San Xoán de Río; “Antes de Nós -Castelao” estará en Vereas, Vilar de Barrio, A Peroxa, Cartelle, Ma-

ceda, Ribadavia, Trasmiras e Vilar de Santos; “Os demos de Barro” exhibirase en Bande, Baños de Molgas e Allariz; e, por último, “Chicken Run – Amanecer de los Nuggets” en Boborás, Esgos, Paderne de Allariz, A Mezquita e Carballada de Avia.

Unha casa tradicional convertida en restaurante



O novo restaurante está ubicado en Abeleda, Concello da Teixeira.

O restaurante Volver, situado na Abeleda (A Teixeira), recibiu axuda económica do Plan Leader cun investimento total superior aos 437.000 euros, dos cales 200.000 foron financiados a través dos fondos Leader da Xunta.

A actuación centrouse na rehabilitación dunha casa tradicional de Abeleda, coa finalidade de transformala nun restaurante de dous garfos, cunha proposta culinaria baseada na gastronomía galega tradicional, pero cun enfoque contemporáneo. Aposta polos produtos

de proximidade e de tempada, empregando técnicas innovadoras e de fusión con outras cocinas.

Entre os principais obxectivos do proxecto está o de consolidarse como un referente gastronómico na Ribeira Sacra, combinando calidade e innovación. Tamén se busca garantir unha boa experiencia aos clientes, grazas a un equipo profesional altamente cualificado. A empresa aposta por dar visibilidade tanto ao restaurante como á zona, creando converxencias con outros axentes e negocios locais.

acouBAR
Comida tradicional galega
Especialidade: Cachopo.
Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

ADEGA VELLA TRACERONS
Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)
Tfnos 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

BAR FUENTEFRÍA
Callos
Empanadas
Afumados
Carnes
Queixos
Ensaladas
Clásicos
Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

O Capricho
CASCO HISTÓRICO OURENSE
Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE
Tfno. 988 981 601

Arxentina, Chile, Filipinas, Irlanda do Norte, Ucraína e Xeorxia nas XL Xornadas de Folclore

As Xornadas de Folclore volven un ano máis á provincia co seu 40 aniversario. Trátase dun dos eventos máis esperados do verán cultural ourensán, que nesta edición contará coa participación de seis agrupacións folclóricas procedentes de Arxentina, Chile, Filipinas, Irlanda do Norte, Ucraína e Xeorxia, que suman 187 artistas que actuarán por toda a provincia entre o 11 e o 21 de agosto. O vicepresidente segundo da Deputación, César Fernández; a directora territorial da Consellería de Cultura, Língua e Xuventude en Ourense, Sandra Quintas; e o director das xornadas, Julio Fernández Senra, explicaron esta mañá no Pazo Provincial os detalles dun evento que se celebra en Ourense desde o ano 1984.

César Fernández destacou na súa intervención a importante resposta do público, cunha media aproximada de 20.000 espectadores grazas a ese carácter itinerante pola provincia. “Cumprir 40 edicións xa fala da importancia cultural destas xornadas, que permiten coñecer as manifestacións folclóricas de moitos lugares”, sinalou o deputado de Cultura. Pola súa parte, Sandra Quintas destacou a “contribución á dinamización das vilas e cidades, que durante uns



As xornadas celebráranse do 11 ao 21 de agosto de 2025.

días serán escenario de colorido e relacións multiculturais”. Xulio Fernández quixo recoñecer o gran labor que hai detrás deste evento, citando a coordinación d Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo, aos guías e voluntarios que traballarán a diario cos preto de 200 artistas que actuarán na provincia, aos directores dos centros de acollida e “a implicación da cidadanía nun espectáculo de máximo nivel, con grupos de calidade que representan a catro continentes”.

Dous espectáculos por noite
Durante a súa celebración, cada noite haberá dous espectáculos en dúas vilas diferentes da provincia protagonizados en cada lugar por tres agrupacións, onde crean un espectáculo de case dúas horas de duración para amosar a música, o baile e o vestuario tradicional do seu país. Ademais, trátase de espectáculos gratuítos para o público. A programación comezará o 11 de agosto no Teatro Principal coa cerimonia inaugural e prolongarase ata o 21 de agosto con actuacións nas vilas de Allariz, A Rúa, Bande, O Barco, Carballiño, Castro Caldelas, Celanova, Entrimo, Maceda, Manzaneda, Ribadavia, Trives, Verín, Viana e Xinzo.

Os encargados de espallar a súa música, baile e tradicións pola provincia de Ourense pertencen ás agrupacións de Huayra Muyo (Arxentina), Ballet Municipal de Rancagua (Chile), Royal Tara Dance Academy (Irlanda do Norte), Folk Dance Ensemble Volynianka (Ucraína) e National Honored Song and Dance Ensemble Georgian Folklore ‘Tsumu’ (Xeorxia).

Cea humanizará o seu casco antigo



Valladares asinou o convenio na Consellería de Vivenda.

Xunta colabora na actuación de humanización de varias rúas do Concello de San Cristovo de Cea, que suporá un investimento total de preto de 700.000€. A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, xunto á directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, vén de asinar o convenio de colaboración co alcalde do concello ourensán, José Luís Valladares, para o financiamento conxuntamente das intervencións.

As obras, que contan cun prazo de execución estimado de 6 meses, acondicionarán as rúas da parte máis antiga da vila, que se atopan en estado de deterioro. As intervencións proxectadas inclúen a demolición da soleira de formigón actual, a renovación do pavimento, a instalación dunha nova rede de saneamento e o soterramento de todo o tendido de cable aéreo das instalacións de electricidade, telecomunicacións e alumeadado público. A renovación desta contorna favorecerá o funcionamento do comercio, da hostalaría e reforzará o pulo turístico que xa existe na localidade ao ser atravesada pola Vía da Prata do Camiño de Santiago e pola súa proximidade ao Mosteiro de Oseira.



Bar Orellas

Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo cocido e prensado. Lomo, chourizo, salchichón e marcón ibérico. Queixo manchego e Arzúa.

Santo Domingo, 2
988 37 25 59 OURENSE



Afouteza
TABERNA

Especialidad: arroz meloso con gambas y pulpo. Tostas, ensaladas, huevos rotos, bacalao. Comida gallega. Cerrado domingos tardes y lunes todo el día.

Tfno. 611 18 27 93
Instagram: @afoouteza
Rúa Lepanto, 14. Ourense



a barbería

Taperyia

Especialidade en comidas caseiras
988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense



Trasníños
ARÁNDANOS
SIN CONSERVANTES SIN COLORANTES
¡Da terra a túa mesa!

Pedidos: 617 41 80 17.
O TRASNO. Rúa Lepanto, 10. Ourense.

OURENSE

XXVIII Feira da Rosca e VII Túnel do Viño de Amandi en Sober

O Concello de Sober da a coñecer a programación da XXVIII Feira da Rosca, Mel e outros Produtos da Ribeira Sacra e o VII Túnel do Viño de Amandi, que se van celebrar o luns 11 e o martes 12 de agosto.

O martes 12 os stands abrirán ás 10:00 horas para ofrecer os produtos típicos desta celebración, entre eles a rosca e o mel.

Ás 11:00 horas haberá unha demostración de talla con motoserra a cargo de Eugenio Linares.

De 11:00 a 13:00 horas desenvolveranse o obradoiro de feltro para todos os públicos de Ovella Viva. Á mesma hora dará comezo un obradoiro de cestería en vivo a cargo do Centrad da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Ás 12:00 horas actuará o grupo de música tradicional Os Valouros no marco do programa Tradigalu da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. E ás 13:00 horas as persoas que o desexen poderán participar na degustación gratuíta de 2.000 racións de rosca con queixo por cortesía do Concello de Sober, e coa colaboración de Queserías Prado.



Túnel do Viño de Amandi

O VII Túnel do Viño de Amandi abrirá as súas portas o luns ás 19:00 horas. Á mesma hora haberá unha actuación do grupo Nectarine Soul.

No evento, organizado por Vinosacra, participan 25 adegas e 50 referencias de viños da subzona

de Amandi e Sober que se poden degustar nunha carpa instalada na Praza do Concello. Colabora ademais a empresa cárnica lucense Torre de Núñez.

O Túnel no que degustar os viños de Amandi estará aberto ata as 23:00 h. O martes abrirá en horario de 11:00 a 15:00 horas.



Novidade dunha experiencia gastronómica

Como novidade, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) vai ofrecer en Sober, ao longo do día 12 de agosto na Praza do Concello, unha experiencia gastronómica gratuíta con produtos galegos 100%.

En concreto, o cociñeiro José Manuel Mallón vai preparar cin-

cocentas tapas de tres variedades diferentes compostas por empanada de pemento do Couto con San Simón da Costa, Tosta de pan galego con tenreira galega e mostaza de grelos e, como sobremesa, crema de tarta de queixo Irmáns de Leite, mel de Galicia e Granola AI.

Este verán descontos en viaxes para a mocidade

Eladio Santos, subdelegado do Goberno, presentou o programa Verán Xove do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible. Animou aos máis de 30.000 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos que viven na provincia a beneficiarse dos descontos de ata o 90% para viaxar por Europa e por España este verán.

O programa, que leva rexistrados ata a data máis dun millón e medio de usuarios, contempla diversas bonificacións dos billetes sinxelos e de ida e volta para viaxar por España en tren e autobús, ademais do Interrail por Europa entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de

2025. Os descontos contemplados no programa Verán Xove son os seguintes: Desconto do 90% para servizos de autobús regular de competencia estatal. Desconto do 90% nos servizos de media distancia convencional e en rede de ancho métrico. Desconto do 50% nos títulos sinxelos de Avant. Desconto do 50%, cun máximo de 30 euros por billete, para servizos comerciais de longa distancia ou alta velocidade de todos os operadores ferroviarios. Desconto del 50% del Global Flexible de Interrail de 10 días en 2 meses, cando se comercialice a través de Renfe. A rebaxa aplícase sobre as tarifas oficiais de Interrail.

XXVIII FEIRA DA ROSCA,
MEL E OUTROS PRODUTOS
DA RIBEIRA SACRA

12 DE AGOSTO

VII TÚNEL
do
VIÑO DE AMANDI

11 e 12 DE AGOSTO

CONCELLO DE SOBER

PINCHOS
Brochetas

TOSTAS
Raciones

Ensaladas
PLATOS
VEGETARIANOS Y VEGANOS

MariaTapas Bar

Rúa Unión 1
651 853 881

Tapas
revoltos
montados

ALPENDRE PULPO

Rúa Fornos, 2. Casco Vello. Ourense

O río Loña ten nova pasarela peonil

A Deputación de Ourense, como entidade responsable da xestión da área natural e recreativa de Cachamuña, avanza na mellora deste espazo coa instalación dunha nova pasarela peonil sobre o río Loña. Luís Menor, presidente provincial, supervisou a posta en servizo do novo paso, que contribúe “á plena accesibilidade dos milleiros de persoas que cada ano fan uso desta contorna”.

“Hoxe é un día importante para a área metropolitana de Ourense, onde nun radio aproximado de 15 quilómetros residen máis de 130.000 persoas, a metade da poboación da provincia e que demanda este tipo de espazos”, afirmou Luís Menor, quen cualificou a esta área como “refuxio climático”.

Ademais, sinalou, a área de Cachamuña e os servizos que se van incorporando supoñen un atractivo máis para unha zona na que se encontra a entrada á Ribeira Sacra e o parque acuático de Monterrei. O presidente provincial subliñou as características da nova pasarela, “que se integra perfectamente na paisaxe e respecta o entorno natural grazas ao seu deseño e aos materiais empregados”.



Cun investimento de máis de 320.000 euros, o novo paso está situado na cola do encoro e substitúe á anterior ponte, que xa presentaba deficiencias por deterioro e, como consecuencia, tiña elevados custos de mantemento.

A pasarela, que inclúe un miradoiro, forma parte dun novo tramo do sendeiro que rodea o encoro. Unha ruta de catro quilómetros que agora é máis accesible ao eliminar as barreiras arquitectónicas que presentaba o anterior paso, contribuíndo así a unha mellora da accesibilidade en camiños naturais con tránsito de peóns e bicicletas.

Con esta estrutura de metal prefabricada, dótase ao espazo dunha solución que permita garantir unhas condicións de comodidade e seguridade óptimas para o usuario desta ruta.

Inversión de máis de 500.000 €

A Deputación tamén aposta pola mellora doutros servizos nesta área, que no cómputo global supoñen un investimento de máis de 560.000 euros. Entre as últimas incorporacións á zona, os donos de mascotas disfrutaban dende hai un mes dun novo parque canino, con xogos e circuítos de adestramento para os cans.

A estes avances súmanse outras obras xa acometidas o parque de calistenia e biosaludable, o parque da Igualdade; un novo aparcadoiro en terreos cedidos pola Comunidade de Montes da Chaira; e mailo espazo de 17.000 metros cadrados cedido pola Fundación Cum Laude para engadir o ámbito artístico a esta gran área, ademais de iniciativas promovidas nas proximidades polo sector privado no ámbito dos aloxamentos turísticos.

Milladoiro en Xoldra de Aguiar en setembro



Xunta, Deputación e Concello organizan a celebración.

O festival Xoldra de Aguiar se celebrará o 13 de setembro no Concello do Pereiro de Aguiar co principal obxectivo de valorar o rural coa cultura das festas populares como instrumento catalizador dun evento musical durante o día, desde a sesión vermú ata a noite, ademais de contar con programación infantil.

Trátase dunha iniciativa patrocinada por Turismo de Galicia, coa colaboración da Deputación de Ourense e do Concello de Pereiro de Aguiar, onde a convivencia, a música e o bo ambiente serán os protagonistas dunha xornada na que os veciños terán a ocasión de gozar dun evento no rural, ao aire libre, das actuacións de Pablo Estévez (Maxia), a Agrupación Musical da

Limia e Milladoiro.

Tamén a gastronomía, que forma unha parte importantísima de calquera evento destas características, terá presenza cun posto de pulpo e comida tradicional galega, así como grupos de animación para nenos e nenas.

A ambientación e decoración da celebración pretende evocar as festas populares sen grandes estruturas, poñendo en valor o patrimonio natural e etnográfico do Concello. Ao tratarse dunha celebración diúrna case na súa totalidade, a organización evita significativamente a contaminación luminosa e acústica.

O prezo das entradas, á venda en Ataquilla.com, teñen un prezo individual de 15 euros, a entrada será de balde para nenos e nenas de ata 10 anos.

Café Pereiro
O teu lugar de encontro
Tfno. 988 25 93 84
32710 O Pereiro de Aguiar - Ourense

A OFICINA
Bar de pinchos
Goza dun agradable ambiente e desconecta da túa rutina co mellor persoal degustando unha consumición.
988 31 80 83
Rúa Juan de Angas, 12
O COUTO (Ourense)

NOVO ENTRIMO
Luns: Costela ao forno.
Martes: Fabada.
Mércores: Guiso.
Xoves: Mollejas de polo.
Venres: Carne richada.
Sábado: Callos.
Domingo: Orella.
Racións, bocadillos, pratos combinados e para levar.
698 152 840
641 460 838. Rúa Velázquez. O Couto. Ourense

Tizar
Gourmet
Tel: 988 78 26 89
Tel: 633 84 90 10
Plaza de Santa Eufemia, 5
32005 Orense
tizargourmet@gmail.com
Facebook @tizargourmet
Instagram @tizargourmet

OPINIÓN

Por Xoán Carlos Caballero

Noelia, Noelia, Noelia

Noelia, en linguaxe xuvenil, viría a ser algo así como unha nini, con aires de cani, que dá moita cringe. Esta nova comedia surrealista, con aroma a vodevil, tan frecuente nas charcas populares, de seguro servirá para acuñar un novo termo: os nonos.

A Noelia Núñez González só lle faltou poñer no seu curriculum que é filla de Feijoo, de Núñez Feijoo, e de Ignacio González, o home ra de Esperanza Aguirre.

Unha organización que se caracteriza pola honradez e a ética, como é o caso do Partido Popular, sería un despropósito que tivese un departamento de asuntos internos especializado en comprobar os estudos realizados de cada un dos seus membros. Como ía sospeitar un partido ético e íntegro, que unha das súas dirixentes estaba mentindo coma unha ladroa? O desgusto, a día de hoxe, ten que ser tremendo nas filas populares. Despois de estar animando á xuventude a valorar o esforzo e a meritocracia, con exemplos como o de Ayuso, Moreno Bonilla e Mazón, aparécelles este caso.

Ademais, é que ata teñen mala sorte.



Hai un mes, convocaron unha manifestación co lema Mafia ou Democracia, na que levaron como estrelas invitadas a Rajoy e Aznar, e, xusto un mes máis tarde, descóbrense o caso Montoro que, presuntamente, nin se molestaba en redactar as leis que el mesmo aprobaba, porque diso xa se encargaban as empresas que subornaban aos membros do seu despacho.

O sorprendente do Noeliagate é como puido ter enganado ao seu entorno familiar. Conversas como a seguinte tiñan que ser do máis cotiás na casa:

—Chegou a nena? —dixo con impaciencia o pai—. Cando veña, non te esquezas de preguntarlle se hoxe rematou

algún posgrado.

—Aínda non —contestou a nai—. Onte non a vin estudando, seguro que algo remataría. Temos unha superdotada como filla. Se algún día decídese a rillar os cóbados, vaime dar un desgusto.

—Que ben que dera cunhas compañías tan boas —aseverou o pai con orgullo—. Sempre tiveron medo que se xuntara con mala xente, pero aí a tes, coa súa panda de amigos, que son tan ou máis intelixentes ca ela.

—Comentoume —dixo a nai— que os perfís dos seus colegas xa non están dispoñíbles na rede. Os curriculums contiñan tantos datos, que os arquivos nos que se reflectían fixeron colapsar as súas páxinas web.

Entendo que o amor de pais e nais fai comprensible que estes poidan pasar por alto certos detalles difíciles de crer. Agora ben, que lles contaría aos amigos?

—Pelayo, non o vas crer, pero acabo de rematar un máster.

—¿Pero cando, Noelia?

—Agora mesmo, mentres tomabamos o café.

—Es a hostia, tía! Que envexa me das! Como o consegues?

—Se te administras ben, hai tempo

para todo. O que non me podo permitir é rematar unha carreira en catro anos, como fai a xente normal.

—Nunca coñecín un caso coma o teu, non te vexo por clase nin na biblioteca e, aínda así, podes con todo.

—Xúrocho, pero creo firmemente que, no caso dalgunhas familias, a intelixencia concéntrase nun só membro.

—É certo —respondeu Pelayo—. O caso de Bea Fanjul, presidenta de Nuevas Generaciones, é igual có teu: ela tan lista, e, en cambio, a súa xemelga finalizou a carreira coma fai todo o mundo, en catro ou cinco anos.

A habilidade de Noelia para enganar a tantas persoas durante tanto tempo é indiscutible e moi valorada hoxe en día. Unha vez que se lle acabou o choio na política, nin tempo lle deu a engrosar a lista do paro, porque un programa de televisión acaba de contratala para que siga impartindo o seu método de como triunfar na vida.

Xa o dicía Nino Bravo: “Hay una chica que es igual pero distinta a las demás y solo sé que se llama ... Noelia”.



Por Nemésio Barxa

A nação galega no seu dia grande

Compostela, como muitas cidades e vilas galegas, viram neste ano dúzias de manifestações populares em defesa dos direitos cidadãos, em protesta contra decisões do governo (autónómico ou central) idioma, ecología, mineria, sanidade e educación públicas, o sem sentido de Altri; pois pese á incomodidade criada por tanta manifestación o Día da Pátria Galega voltou a convocar uma moitadume de galegos/as sensibilizados com as necessidades e dignidade de um país, reivindicando a nação.

A manifestação cobriu praticamente todo o trajeto, até chegar á Praça da Quintana, incapaz de acolher tanto pessoal em marcha pola soberanía. Ana Pontón no seu parlamento reclamou o BNG como casa comum dos galegos e das galegas, pensar numa Galiza em grande, acrescentando que a sociedade galega cambiou e quere uma Galiza mais dona de si, mais prospera, mais avançada e mais feminista.



Uma Galiza orgulhosa de si saiu á rua e copou toda a cidade, ruas, bares, estabelecimentos hoteleiros e especialmente a Carvalheira; delegações políticas do Estado espanhol e estrangeiras convidadas foram vitorizadas polos asistentes, especialmente a de Palestina. Sentiu-se o latejo do coração dos galegos e residentes, da gente do povo que levam na cabeça e no espírito a Galiza.

Entanto que fazia a Galiza institucional? O presidente da Xunta, atuando como de-

legado régio (temos um rei?) na tradicional oferta ao Apostolo Santiago, no seu rotineiro bilinguismo harmónico, reivindicava recuperar a integridade e o respeito á lei

na Espanha manchada por práticas impróprias de pessoas decentes (alguém dixo que neste treito ficou vermelho), menos mal que o Arcebispo defendeu emigrantes, refugiados e palestinos e a alcaidessa retomou a Castelao.

O Presidente do bilinguismo harmónico é o que rejeitou que se empregasse o idioma galego no Congresso, no Senado e no Parlamento europeu. A ele sim que teríamos que rejeitá-lo para lavar a vergonha de que despreciara e ofendera de esse modo a nosso idioma, mentras os Presidentes das outras duas nações com idioma próprio, Catalunya e Euskadi, incluíam nas petições a favor de seus idiomas o nosso. O Presidente, delegado régio, que ofertou a Leonor de Borbón a medalha de ouro de

Galiza (sem cumprir os méritos que exige a sua concessão, seus méritos ao serviço de Galiza, também num breve parlamento de bilinguismo harmónico, parece que são a morrinha e os furanchos); houve que habilitar um dia apropriado para a princesa (fora do mercado tradicionalmente) pois ao resultar-lhe pouco cômodo o que correspondia, tal vez recusaria a distinção (que não acredito lhe importe demasiado) privando ao Sr. Rueda de um dia mais de submissão ao centralismo.

Para rematar, alguém se parou a analisar o comportamento dos monarcas (sucessores de Franco) que despreciando a Universidade e o sistema docente espanhol, mandam às suas filhas a realizar tanto estudos médios como superiores no estrangeiro, com claro descrédito para estas instituições, que não parecem ser de suficiente qualidade docente para a Monarquia?; pois se não o consideram suficiente que se marchem.

Quinta do limoeiro, julho 2.025



Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

EIXOATLANTICO
JORNAL GALEGO-PORTUGUÊS DA GALIZIA

Por Isidoro Gracia

Aforados, a perigosa ignorancia de quen e cuantos

Está a pasar bastante desapercibida unha noticia moi actual: “O Consello de Europa esixe mais medidas a España contra os aforamentos e a corrupción policial”. Para saber que supón convén coñecer os datos.

É case seguro que todos os que leron o título do artigo pensarían que a recomendación do Consello de Europa vai dirixida a un colectivo moi concreto: os políticos. Erro maiúsculo, os que tomaron a decisión de elevar a recomendación a esixencia coñecen os datos, que a inmensa maioría dos cidadáns ignoran, e a inmensa maioría dos medios de comunicación ocultan, polo que identifican ben os colectivos e individuos para os que piden esas medidas. Para empezar a coñecer o tema que estamos a analizar e a súa magnitude tentemos unha aproximación en cifras redondas.

En total os aforados en España son uns 250.000/260.000, e si, son moitos mais que os que os cidadáns supoñen, imos ver como se reparten, quen son e como lles afecta o aforamento.

- **Corpos e Forzas de Seguridade do Estado**, tanto os estatais como os autonómicos, son uns 230.000/240.000 e se no exercicio das súas funcións cometen un delito leve ou menos grave serán xulgados polas Audiencias Provinciais.

- **Xuíces e Fiscais** 15.600/15.700 distribúense en 5.500 Xuíces, 2.550 Fiscais e o resto son Xuíces de Paz. Todos eles responden sempre diante tribunais superiores ao seu status. Se falamos de altos cargos como os vogais do Consello Xeral, maxistrados do Supremo, da Audiencia Nacional



ou do Constitucional, só responden ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

- **Políticos**, non chegan aos 2.000. Os membros do Goberno do Estado, Deputados, Senadores, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas responden ante o Supremo. Os dirixentes autonómicos normalmente ante os Tribunais Superiores autonómicos, aínda que neste caso hai excepcións en función dos seus respectivos Estatutos.

- **Outros**, o Rey goza de inviolabilidade, a Raíña, os Reis eméritos e a Princesa de Asturias están aforados ante o Supremo.

Vistos os números e o tipo de aforamento pasemos á análise.

O primeiro que chama a atención é que o que mais criticase, chegando ao límite do ataque hiperbólico, é a protección por aforamento ao único colectivo formado polas persoas ás que se vota directamente ou indirectamente pola cidadanía. O certo é que a protección a esas persoas mediante medidas similares ás españolas está bastante xeneralizado en todas as Democracias, aínda que con matices, por exemplo: os membros de Gobernos e Parlamentos de toda a UE

gozan dalgún grao de aforamento ante os tribunais, aínda que nalgúns deles esa protección refírese exclusivamente a asuntos relacionados coa súa actividade política e lexislativa, tal e como expón o actual Goberno para todos os aforados en España.

Respecto a os xuíces e fiscais, a actual xudicatura española, de acordo con os datos que xorden publicamente con frecuencia desde o seu propio seo, sofre un alto grao de corporativismo e endogamia, o que non fai moi fiable que a previsión de ser investigado e xulgado desde un nivel superior devindica nun trato similar ao que se aplica ao resto de cidadáns.

Polo que sen chegar ao nivel do poder do Parlamento Británico e outros (Australia, India, Malta, USA, etc) que poden chegar a depoñer a algúns xuíces, algo terá e poderá facerse para corrixir os excesos xudiciais que a diario e de forma ás veces moi evidente coñecemos e outros que só saen á luz publica cando xa non teñen remedio. Constatar que o funcionamento do órgano disciplinario español (CGPJ) está a axudar a corrixir pouco ou nada de situacións que esixirían a súa intervención de oficio de forma moi evidente. Todo apunta que boa parte da solución pasa pola mellora do sistema de acceso á xudicatura, quizá tamén que en determinados niveis houbese participación directa do cidadán mediante votación, aínda cando os candidatos estivesen limitados a un censo pechado con titulación e experiencia profesional adecuada.

O maior colectivo con aforamento, os corpos e forzas de seguridade do Estado, parece ter un tratamento adecuado e suficiente de protección, o problema xorde

con aqueles que ao ser destinados a funcións de Policía Xudicial, pasan a depender directa e persoalmente de xuíces e fiscais, a Constitución establece lite-



ralmente “A policía xudicial depende dos Xuíces e do Ministerio Fiscal nas súas funcións de investigación do delito e do descubrimiento e aseguramento do delincente,”, o certo é que o grao do seu aforamento real para todo é o que lles presta o correspondente xuíz ou fiscal a quen debe presentar os seus informes. Os exemplos moi próximos e abundantes nos últimos meses, de informes realizados mais á medida da tese previa elaborada polo instrutor que á realidade de feitos e datos verificados e constatados, mostran que a dependencia de carreira profesional dos axentes, respecto ao xuíz ou fiscal, así como outros intereses persoais, incluído o ideolóxico, son un factor que inflúe no proceso.

OPINIÓN. A miña confianza nos sistemas, profesións, funcionarios e políticos é directamente proporcional ao grao en que eu poida influír cos meus coñecementos, opinións e accións persoais ou colectivas. Se o meu voto pode influír confiouse mais que naquilo que depende en exclusiva de dirixentes, cargos e profesionais, por moi expertos que parezan ser, especialmente a confianza diminúe notablemente cando as decisións que me afectan dependen de persoas que son inamovibles, aínda que esa condición figure no 117 da CE, son moitas (demasiadas) as veces que se ignora a parte do mesmo artigo en que se di que os inamovibles tamén son “responsables e sometidos ao imperio da Lei”, e ata onde eu coñezo en Democracia as Leis elabóranse nos Parlamentos e só neles.

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Sen perder o horizonte

Claro que nos tempos que corren todos temos máis preguntas que respostas. Chega con mirar nos que mandan neste mundo. Son “pirados” que só con velos, e ver o que fan, escandalizan a razón e calquera tipo de intelixencia. Estamos desexosos de que nos saquen desta realidade perversa, tan chea de ameazas, que tende ao desastre. Buscamos asilo e acougo. Con eles todo o mundo está exiliado. Tampouco queremos que nos rouben a nosa historia, como pretenden. Nin que nos fagan sentir o medo do odio encarnizado. Onde se nos quedou a liberdade, senón na manipulación dos nosos pensamentos críticos e nas redes e medios de manipulación perversos, na barbarie de enquisas e dos números, na voz de especialistas e sabidos que atenden subvencións e pagos por detrás, das taxas e resultados favorables que ofrecen sen pudor



sabendo que son mentira e enganar moi ben pensados para compracer á galería. Non, non nos fiamos das campañas de lavado e laminado de cerebros. Coméronnos a figura a agora vémonos diante do espello, desvalidos e faltos de apoio. Debemos arre-

dar deles, volver a recuperar a vontade perdida, soltarnos da súa droga infinita, desa sede imposible que os “empoleira”. Anque tan só sexa por unha elemental responsabilidade histórica e por non deixar que nos manipulen e leven a onde queren, a esa mansedume dos silencios.

Moitos recorreran á neutralidade, a esa indisposición que quere manterse á marxe, deixando facer a outros ou deixándose levar a onde decidan outros, moito máis hábiles. Mais as institucións e os dereitos non son neutrais, non existe unha equidistancia entre quen agride e quen resulta agredido. Non, non é o mesmo aquela persoa que manipula e aquela que, incautamente, se deixa manipular. Non, non é o mesmo aquela persoa que incide sobre aqueloutra incidida. Os servizos públicos non son neutrais porque hai que defender, si ou si, valores que ameazan a mesma democracia se está, como está, tan restrinxida e adulterada. Debemos resistir nos dereitos e na razón. A sociedade non

pode nin debe permitirse ser neutral e equidistante nos casos dramáticos que acontecen, nas guerras que a totalidade de nós sabemos inxustas e ofensivas á condición humana responsable. Non podemos perder o lugar da liberdade e da liberdade tamén do noso discurso, aínda sabendo que haberá quen o mal interprete e semente unha dose decepcionante da nosa reflexión. Non debemos deixarnos engaiolar polos “pirados” de sempre, transgresores de calquera lei. Debemos regresar ao compromiso, á defensa dun mundo mellor e máis xusto, máis proporcionado. Debemos volver a ese mundo que nos resolve as preguntas que constantemente temos e que nos facemos e, ao mesmo tempo, que comprenda os problemas da totalidade, sobre todo daqueles que menos poden e menos teñen.



OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema


Parques eólicos e Tribunais: as cousas seguen case iguais

Nesta sexta, 1-A, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) respostou cuestións prexudiciais do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no senso que nin a lexislación galega nin a estatal están obrigadas pola Directiva 211/92/UE (modificada pola 2014/52/UE) a lle outorgar ás persoas afectadas ou interesadas por unha avaliación de impacto ambiental un novo trámite a respecto de determinados dictames e informes que poidan chegar ao procedemento logo de rematado o prazo para que estas persoas formulasen as súas alegacións. Deste xeito, o criterio do TXUE coincide co manifestado polo Tribunal Supremo (TS) estatal na súa Sentenza de 21.12.2023, que anulaba a do TSXG vetando a repotenciación do parque eólico (P.E.) de Corme.

Non faltaron opinións (tan interesadas como o “público interesado” do que falan as Directivas ambientais europeas) anunciando urbi et orbi o automático arranxo da chamada por algúns “bloqueio eólico galego”, supostamente xerado por unha doutrina particular do TSXG.

E non hai tal.

De primeiras cómpre distinguirmos entre suspensión de procedementos xudiciais no TSXG e suspensión das autorizacións dos P.E. no TSXG. É certo que arestora hai un grande número de procedementos xudiciais contra autorizacións de P.E. da Xunta de Galicia que se atopan suspendidos no seu trámite (todos despois do retrucamento á demanda reitoria pola Xunta e, no seu caso pola promotora codemandada). Mais, na case totalidade dos procedementos, a causa



de suspensión procesual non era a pendencia das cuestións prexudiciais do TSXG no TXUE, senón a pendencia dun recurso de casación análogo ao resolto pola devandita Sentenza do TS de 21.12.2023, que, malia coincidir arestora xa coa doutrina do TSXUE, aínda non constitúe de seu xurisprudencia do TS, que precisa de dúas sentenzas análogas, cando non son emitidas polo Pleno da Sala do Contencioso-Admvo. É evidente que, máis cedo ca tarde, o TS consolidará a súa xurisprudencia, que xa é xurisprudencia do TXUE. Deste xeito, deixaranse sen efecto todas as suspensións dos preitos afectados. Mais o único que suporá isto é que todos e cada un dos procedementos tramitaranse

(probas periciais, conclusións das partes ou vista...) até sentenza, recorribel en casación perante o TS.

A abafante maioría destes procedementos susceptibles de ser reactivados contan, porén, cunha suspensión cautelar de cadansúas autorizacións dos P.E. afectados. É dicir, os procedementos estarán suspendidos até sentenza definitiva (normalmente a que decida o TS).

Muda algo esta doutrina da TXUE e a xa inminente xurisprudencia do TS? Moi pouco, a verdade. Na inmensa maioría dos P.E. a suspensión da súa autorización polo TSXG alicerzouse nas chatas e defectos da avaliación ambiental da Xunta (patrimonio cultural, flora, fauna, hidroloxía, paisaxe, sanidade humana e animal etc.), moitas veces acreditada por información do propio Ministerio para a Transición Ecolóxica (Índice de Sensibilidade Ambiental-ISA- de enerxía eólica) que advirte da saturación da meirande parte do territorio galego.

Velaí que, tanto no que se refire á eventual suspensión cautelar canto no que atinxe á anulación ou validamento das autorizacións dos P.E. outorgadas pola Xunta na sentenza o que contará será o exame, caso por caso, da avaliación ambiental da Xunta, fronte ás probas que propoñan os recorrentes, moitas veces avaliadas por esa ISA do Ministerio competente.

Ao tempo cómpre facer o mesmo retrucamento fronte aqueles que afirmaron que a Sentenza do TS de 21 de marzo de 2025, que anulou unha anterior do TSXG a respecto do P.E. de Campelo, Monte Toural e Bustelo, anulaba tamén a doutrina do TSXG a respecto dos chamados “fraccionamentos” de P.E. O que dixo entón o TS foi que partillar unha subestación ou unha liña de evacuación non habería anular “per se” unha autorización por mor dun fraccionamento ilegal (“fraccionamento formal”). Mais a regra xeral nos casos de

fraccionamento será o “fraccionamento material” (cando se tente fuxir da competencia do Goberno do Estado canto a P.E. de máis de 50

MW ou se tente fuxir dunha avaliación ambiental completa e integrada do conxunto dos efectos ambientais que acumulativamente van xerar os P.E. atinxidos individualmente fragmentados.

De hoxe en diante, pois, o exame xudicial no TSXG de cada P.E. outorgará a súa suspensión cautelar e/ou decretará a súa nulidade na sentenza alicerzándose no exame casuístico de cadanseu impacto ambiental. É dicir, que estamos na práctica como estabamos.

Non está de máis rematar lembrando que Galicia soborda en máis dun 30% os obxectivos de produción de enerxía a medio de fontes renovábeis para o 2030. Que exporta cara territorios só consumidores como a rexión de Madrid case o 40% da enerxía que produce, asumindo os seus impactos ambientais e paisaxísticos de toda caste e tamén a súa incompatibilidade, polo menos relativa, coas actuais actividades económicas das áreas atinxidas.

Xa que logo, sen un modelo de produción que recoñeza unha tarifa eléctrica galega de noso a prol dunha política industrial propia, negociación coas comunidades locais para acadarmos a súa participación substancial nos réditos da enerxía e máis a orientación cara ao autoconsumo no canto do transporte a territorios só consumidores a historia da produción eólica na Galicia seguirá a ser unha historia de desequilibrios e imposicións fronte á historia de consensos que define a implantación desta enerxía noutras áreas europeas como os espazos neerlandés, escandinavo e báltico.



PfC Condado

+55
Pompas Fúnebres
del Condado
Gracias



En marcha a ponte peonil As Neves-Monção

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, xunto co director do AECT Río Minho, José Manuel Vaz, o vereador da Cámara Municipal de Monção, Agostinho Correia, e o alcalde das Neves, José M. Alfonso, asinaron o convenio para a redacción do proxecto de execución da ponte peonil internacional As Neves-Monção, cun orzamento de preto de 100.000 € dos que a Deputación achega o 50%.



Os mellores Dj's no Son da Muralla



Dentro da programación do Verán Cultural de Salvaterra, o Concello volveu a organizar o 2 de agosto un dos festivais máis recoñecidos de Galicia, O Son da Muralla, contando coa participación de

Dj's recoñecidos a nivel nacional e internacionalmente como Wally López, Gigi L'Altro, Sílvia G, DJ Charlie, Pedro Pagodes e Muñíos. O festival contou con 6 pantallas retransmitindo en directo e cifras récord de asistencia.

Licitación do novo PAI

O Concello de Arbo iniciou a licitación de colocación do novo Punto de Atención Infantil (PAI) coa finalidade de ampliar a súa capacidade supramunicipal alén do centro urbano. As obras superan o medio millón de euros e



están financiadas pola Deputación de Pontevedra e a Xunta.

Aprobada moción para protexer o Río Miño

O Pleno do Concello de Arbo aprobou o 26 de xuño unha moción levada a Pleno polo Grupo Municipal do PP, que busca sumar esforzos institucionais para a conservación do Río Miño, un re-

curso fluvial de gran importancia para este municipio. A iniciativa reflicte un compromiso firme coa preservación dun dos maiores patrimonios naturais, culturais e ecolóxicos de Arbo, en resposta aos seus desafíos actuais.

Arbo inviste no deporte local

Arbo finalizou as obras de modernización do pavillón polideportivo, cun investimento de 91.600 euros financiados pola Deputación. Entre as principais actuacións

destacan a instalación de novos pavimentos en distintas zonas do edificio; un marcador electrónico tanto na pista do pavillón como no campo de fútbol; e renovación dos vestiarios.

Campus de conciliación

Salvaterra deu comezo ás diferentes actividades e campus de conciliación con preto de 200 nenos e nenas desde os 4 ata os 12 anos no C.E.I.P. Plurilingüe Infante Felipe de Borbón. Durante o mes de agosto os nenos e nenas desfrutarán de actividades ó aire libre, manualidades, coctá, saídas, día da roda, de hinchables, entre outras.



Conciliación temático a través do Plan Corresponsables "Acompañámoste", en 4 quincenas diferentes: Multideporte, Coñecendo a contorna, Aprendemos no verán e Semana da ciencia.



BAIXO MIÑO

TUI

Seguridade na zona SU 11 do PXOM

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, reuniuse con representantes da Plataforma Cidadá de Afectados polo SU 11 logo de que presentasen a solicitude de modificación do planeamento urbanístico neste ámbito. O escrito está acompañado de 14 folios coas sinaturas de 407 veciños e veciñas apoiando o manifesto da plataforma. En concreto solicitan a modificación puntual do PXOM derogando a zona SU 11 que afecta aos lugares de Porteliña, Cerdeira, Laxes, Ricamonde, e O Anxo na parroquia tudense de Pa-



zos de Reis e na que se atopan 44 parcelas catastrais cunha superficie de 67.664 m². Na solicitude incorporan tamén a huma-

nización do barrio, a reordenación do tráfico e a apertura de novas vías de entrada ao centro urbano.

Encontro da Red de Juderías en 2026

A visita a Tui do novo director-xerente da Red de Juderías de España – Caminos de Sefarad, Iñaki Echeveste, permitiu acordar a celebración para 2026 dun encontro desta institución na vila tudense, con motivo do 800 aniversario da Catedral de Tui. Na xuntanza co Alcalde Enrique Cabaleiro e a concelleira de Turismo e Patrimonio, Ana Núñez, Echeveste avanzou igualmente na difusión da colección de sambe-



nitos desta catedral así como en proxectos de colaboración para a difusión do patrimonio xudeu e criptoxudeu.

Coñecendo o Tui literario

Máis de medio centenar de persoas participaron no "Paseo literario polo corazón de Tui", a primeira das visitas do programa "Coñece o noso patrimonio" organizado polo Instituto de Estudos Tudenses, coa colaboración do Concello.

Da man da escritora e profesora Marga do Val, os participantes percorreron a memoria literaria tudense dende a Alameda de San Domingos onde pasearon xunto a nomes célebres como Golparro (poeta medieval da lírica galai-



co-portuguesa), Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Eliseo Alonso, Emilio Álvarez Blázquez, Maruxa Mallo, Faustino Rey Romero,

Prudencio Areal Alonso, Manuel Fernández Valdés, Teodosio Besteiro Torres ou Manuel Rivas, entre outros.

Nova cuberta para o pavillón do CEIP de Randufe

O pavillón deportivo do CEIP de Randufe conta cunha nova cuberta tralo investimento de 105.881,23€ por parte do Concello de Tui, financiado pola Deputación de Pontevedra. Esta obras, que rematarán en agosto, consisten na substitución da cubrición existente, de chapas de láminas metálicas de aceiro galvanizado. Tamén se colocaron reixas de ventilación, substitución dos vellos canalóns por aceiro prelacado, eficiencia enerxética con tecnoloxía led e melloras dos problemas de humidade.



"Coñece o noso patrimonio" no Mosteiro de Sanfins en Valença



Durante a cuarta visita do ciclo "Coñece o noso patrimonio", organizado polo Instituto de Estudos Tudenses en colaboración co Concello de Tui, un centenar de persoas descubriron a historia e os segredos que agocha o Mosteiro de Sanfins na Unión de Freguesías de Sanfins de Gondomil, en Valença da man do historiador Narciso Serra, que

guiou un percorrido por este patrimonio románico de Portugal, monumento nacional dende 1910.

Seguindo con esta iniciativa o 12 de agosto é a quenda de "A escultura románica e gótica na Catedral de Tui" a cargo de Marta Cendón; e o 29, dende o adro de San Telmo partirá a visita guiada por José Ramón Fernández á igrexa de San Telmo.



ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

Cousiñas

TIENDA DE REGALOS Y SOUVENIRS

R/ Ordóñez, 14 baixo - TUI

TUI

A “Cidade de Tui” voará por Europa

Marie Vandeplassche, da equipa de Relacións Gobernamentais de TUI Group, o principal turoperador turístico europeo, mantivo unha xuntanza co alcalde Enrique Cabaleiro, e a concelleira de turismo, Ana María Núñez para establecer mecanismos de promoción do patrimonio turístico tudense, dando así continuidade ao encontro mantido en FITUR 2025 co CEO de Tui Group, Sebastian Ebel.

Entre as iniciativas de promoción destaca a activación nos vindeiros meses dunha alianza estratéxica coa presentación dun



avión co nome de “Cidade de Tui”, por parte da compañía internacional, para divulgar entre

os seus máis de 100 destinos todos os recursos patrimoniais e turísticos tudenses.

Tui, capital do Camiño Portugués

Un total de 200 persoas participaron nunha serie de actividades coa finalidade de reivindicar o papel de Tui coma capital do Camiño Portugués e porta de entrada a Galicia.

O programa incluíu a conferencia do historiador Rafael Sánchez Sánchez Bargiela sobre os 700 anos da peregrinación de Isabel de Aragón, viúva do rei de Portugal Don Dinis, e coñecida coma a Raíña Santa; o concerto na igrexa de San Bartolomeu de Germán Díaz e Benxamín Otero no que a zanfona, vinculada estreitamente ao Camiño, foi a gran



protagonista; o espectáculo “Camiños que parten” da Compañía de Furia Sotelo na igrexa de San Domingos; e unha andaina para

percorrer o tramo do Camiño Portugués entre a rúa Olímpicos Tudenses e a Capela de Nosa Señora do Camiño.

Aula CEMIT para talento tecnocientífico

Aula CEMIT, coa colaboración do Concello de Tui, acollerá os días 11 e 12 de agosto os obradoiros Girl Steam 2025 organizados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da man do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG). O/as participantes, con idades comprendidas entre 9 e 16 anos, crearán autómatas de cartón que porán en funcionamento a través dun motor programable, partindo do



kit de robótica. Logo crearán unha escenografía móbil nunha caixa de sombras para gravar un vídeo que incluíra os autómatas creados.

Feminino Plural

O Concello de Tui desenvolverá durante agosto e setembro o programa “Feminino Plural”, unha iniciativa integral, multidisciplinar e profundamente feminista. Cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e a Xunta, este programa ofrece un Servizo Integral e Especializado de Asesoramento Xurídico, Psicolóxico e Laboral, gratuito e adaptado a cada muller. Tamén destacan actividades como as “Pedaladas para o corazón” no Paseo Fluvial. Para as distintas actividades



previstas e servizos a inscrición está aberta a través do teléfono e WhatsApp 685 211 882.

Iniciada a recuperación do baluarte “Ángulo dos Demos” no Paseo Fluvial

O Concello de Tui vén de iniciar os traballos para a recuperación e posta en valor do tramo da muralla coñecido como “Ángulo dos Demos”, no Paseo Fluvial. Esta actuación enmárcase no compromiso municipal coa protección e difusión do patrimonio histórico da cidade.

Nas últimas semanas, realizáronse labores de desbroce e lim-

peza nos restos desta antiga estrutura defensiva, que permanece en estado de ruína dende hai máis de dous séculos. Esta intervención permitirá acometer un levantamento topográfico tridimensional mediante tecnoloxía con drones, como paso previo á redacción do proxecto de execución, actualmente en elaboración pola empresa Nortap Ingenieros.

O proxecto conta co asesoramento do historiador Suso Vila e do arqueólogo Juanjo Perles, para garantir o máximo rigor histórico.

O “Ángulo dos Demos” é unha peza clave dentro do sistema defensivo histórico de Tui. Construído en 1642, en pleno contexto bélico con Portugal (1640–1668), este baluarte funcionaba como batería de artillaría, complementando ou-



tras defensas ao longo do Miño, como Trascárcel, San Felipe ou o

Carballo, en oposición ao sistema fortificado da cidade de Valença.

TRIFOLIUM INGENIEROS

Luis Gelpi Álvarez
INGENIERO AGRÓNOMO
Colg. G834

Alcalde Daniel Ojea, 10 bj
PONTEAREAS
653 047 430 / 886 216 505 | lgtrifolium@gmail.com

mariquita mimosa

Ropa infantil
Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS
mariquitamimosa@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

papelón con LIMÓN
BRUNCH & BAR

BRUNCH
TOSTAS
TAPAS
AREPAS
BURGERS

Rúa Reveriano Soutullo, 7
36860 Ponteareas, Pontevedra
www.papelonconlimon.es
623 530 294

BAIXO MIÑO

“Desafíos críticos” para a sustentabilidade no Río Miño

Representantes institucionais da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional Norte (CCDR-N); Porto de Caminha, da AECT Río Minho, do Aquamuseu do Río Minho, e o Alcalde das Neves realizaron unha visita técnica no tramo transfronteirizo do Río Miño no que constataron “desafíos críticos” para a súa sustentabilidade ambiental, económica e social ante a sedimentación, a perda de navegabilidade, os cambios na dinámica de correntes fluviais e a falta de gobernanza integrada, especialmente ante a complexidade da xestión compartida e a inexistencia dunha entidade claramente definida para garantir a administración coordinada deste recurso transfronteirizo.



tencia dunha entidade claramente definida para garantir a administración coordinada deste recurso transfronteirizo.

En Harvard estudarán o monte comunal de Couso

Monte Comunal de Couso en Gondomar participará nun curso da Harvard Extension School en colaboración co Instituto de Investigación Urbana de Barcelona (IDRA) para estudar o modelo de xestión sostible que ten acadado recoñecementos internacionais así como a súa inclusión no Rexistro de Áreas Conservadas por Comunidades da ONU.



O programa de formación e traballo no campo comezará en setembro e para novembro chegará a Gondomar un grupo académico para coñecer de primeira man cos comuneiros os traballos de prevención de incendios e diminución da plantación do eucalipto, a plantación de arándanos no Bosque da Lingua e a promoción do cultivo de setas shiitake e produción de resinas.

para coñecer de primeira man cos comuneiros os traballos de prevención de incendios e diminución da plantación do eucalipto, a

plantación de arándanos no Bosque da Lingua e a promoción do cultivo de setas shiitake e produción de resinas.

V Mostra do Cinema do Rosal

Do 6 ao 10 de agosto botou a andar a fase final da V Mostra de cinema do Rosal, organizada pola asociación Ghorghalado co patrocinio institucional do Concello e a colaboración e patrocinio de algunhas entidades privadas (ROEIRASA e Viveiros da Barxa). Con ambiente musical por parte do instrumentista Bieito solo durante a inauguración desta Mostra exhibíronse as 32 curtametraxes finalistas das

1.112 recibidas durante todo o proceso de selección provenientes de países como Francia, Canadá, Corea do Sur, Xapón e China. Con cada un dos premios entregouse un motivo distintivo, o labirinto castrexo en granito, e una asignación económica. Durante a mostra estiveron presentes os directores Alberto Díaz, José Álvarez Durán e Antonio Durán así como os actores María Vázquez e Xosé A. Touriñán.

Os “lugares máxicos” de Carlos Núñez

Mirador de Monteferro en Nigrán foi o “lugar máxico” elixido polo gaiteiro Carlos Núñez para ofrecer dous concertos os días 2 e 3

de agosto no marco da súa xira “Lugares Máxicos”. Cun escenario natural de encanto coas Illas Cíes de fondo, interpretou as súas recentes producións.

Nace Abóbriga, fútbol con raíces celtas e miñoranas

Clube de Fútbol Abóbriga será oficialmente presentado o vindeiro 10 de agosto no campo de fútbol de Aral Fontiñas en Baiona por un grupo de mozos do Val Miñor liderado polo seu presidente Diego Costas. A súa identidade, Abóbriga, se debe ao nome celta de Baiona, antecesor ao coñecido Erizana, contando co apoio do Concello. A entidade está composta por unha plantilla de 22 xogadores entre 20 e 24 anos, xunta directiva e equipo técnico.



lla de 22 xogadores entre 20 e 24 anos, xunta directiva e equipo técnico.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Ampliación do Polígono de A Pasaxe

O Delegado da Zona Franca de Vigo, David Regades, e o Alcalde de Gondomar, Paco Ferreira, asinaron o convenio para a ampliación da segunda fase do Polígono Industrial de A Pasaxe na que o ente estatal investirá 32M€. O convenio inclúe 5M€ en expropiacións para regularizar este parque industrial na que se prevén 600.000m2 de urbanización, o asentamento de máis de 100 empresas e a creación de 3.500 postos de traballo.

Tanto Ferreira como Regades aseguraron que este convenio supón unha “reivindicación histórica” para Gondomar toda vez o Alcalde explicou que o Concello renuncia ao 10% de aproveitamento industrial así como ao cobro de taxas e impostos. Por outra banda o Concello deberá pagar indemnizacións pola eventual paralización do convenio.



MM: posible “pelotazo”

Pola súa banda, Antón Araújo, voceiro de Manifesto Miñor (MM), amosou a súa contrariedade pola forma en que o convenio foi asinado polo Alcalde Ferreira indicando a posibilidade de que se realizara un “pelotazo urbanístico” e “malversación de diñeiro público”.

Araújo denunciou que o Alcalde debe “explicar á veciñanza porqué

ignorou os informes técnicos de advertencia da Secretaría Xeral do Concello e da Intervención Municipal sobre a gravidade dos compromisos que adquire en nome do Concello”, tomando en conta que a Zona Franca é “unha entidade con ánimo de lucro” que pode obter “beneficios 20 ou 30M€” e que o Concello renuncia a cobrar aproximadamente 3M€ en materia de taxas e impostos.

Na lupa o salario do Alcalde de Gondomar

A voceira do BNG, Manuela Rodríguez BNG e de Manifesto Miñor (MM), Antón Araújo, ameazaron ao Alcalde Paco Ferreira con levar a tribunais a recente aprobación do decreto sobre o seu salario ante o que consideran como “deficiencias” debido a que, segundo aseguran, o expediente carecía do informe de inspección por parte da Secretaría do Concello.



Rodríguez indicou que “o máis probable é que interpoñamos un

recurso de reposición” que “agardamos sexa suficiente para non acudir a procesos xudiciais superiores”. Pola súa banda, Araújo cualificou de “ilegal e ilexítimo” este expediente apoiando a fórmula do recurso de reposición. O Alcalde Ferreira afirmou rotundamente a legalidade dos trámites realizados e solicitou “desculpas á oposición unha vez se decaten do seu erro”.

O percebe ten a súa estatua

O Conselleiro de Educación, Román Rodríguez González; a Delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz; o Patron Maior da Cofradía de Baiona, Roberto Cabral; e o Alcalde de Baiona, Jesús Vázquez Almuiña inauguraron a estatua do percebe colocada no paseo Pinzón doada pola Consellería de Educación aos veciños de Baiona para celebrar a súa tradición mariñeira. É unha obra en pedra calcaria que reflicte un puñado de percebes e cun peso que rolda o 1.600kg, realizada por Manuel Tosar Asorey, un alumno da antiga “escuela de canteriros de Poio”, hoxe CIPF de cantería de Galicia.



Punto de Atención Policial

O Alcalde de Baiona, Jesús Vázquez Almuiña, e o Comisario Xefe da Policía Nacional da comisaría de Vigo-Redondela, D. Ramiro Jose Gómez García, puxeron en marcha o novo punto de Atención Policial nas dependencias do Oficina de Atención Cidadá no edificio do Concello. Este punto, que axiliza os servizos para non depender da Comisaría de Policía Nacional de Vigo, permite renovar os certificados electrónicos ou cambiar as claves de acceso aos certificados a través dunha pantalla interactiva, totalmente gratuito e sen precisar de cita previa.



PP Nigrán denuncia “despotismo e sectarismo” do Alcalde

María José Pino, voceira do PP de Nigrán, denunciou as “actitudes despóticas, sectarias e de escaso talante democrático” por parte do equipo de goberno do Alcalde socialista Juan Fernández.

Indicou que dende o comezo da actual lexislatura en 2023, Fernández mantivo unha “actitude de entorpecemento cara o

labor realizado polo PP” particularmente en canto ás trabas e retrasos para acceder a determinados expedientes; continuos cambios na celebración das sesións dos órganos colexiados (Comisións informativas e plenos) “adaptándoos ás necesidades do grupo socialista”; e invisibilidade da oposición en actos culturais e de lecer.

Música co Encontro dos Pobos en Oia



Tras pasar polas localidades de A Guarda, O Rosal e Tomiño, o XXX festival de música tradicional Encontro dos Pobos, organizado pola agrupación musical Do Lusco ó Fusco,

celebrouse en Oia este 27 de xullo cun concerto na Praza Centinela no que participación dos grupos Tra-lo Mosteiro (Oia), Do Lusco ó Fusco (A Guarda) e Itxas-Alde (Euskadi)

Reurbanización de Santa Liberata

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, asinou o convenio de colaboración co alcalde de Baiona, Jesús Vázquez Almuiña, para o financiamento do proxecto de reurbanización e uso peonil da Praza de Santa Liberata no marco do Plan Extra a través do cal o a Deputación financia o 100 % do orzamento, de case 1,4M€.; cunha achega de 900.000€ e outra de 493.570€



para cubrir a parte correspondente ao Concello con recursos do Plan + Provincia. A intervención abrangue unha área de case 5.000 metros cadrados.

MISCELANEA

Informe ARDÁN: Vigo lidera a creación de riqueza en Galicia

Galicia conseguiu unha clara mellora nos principais indicadores económicos do seu ecido empresarial con ingresos de explotación próximos aos 140.000M€ (un 5,2% máis), xerando 33.480M€ en valor engadido bruto (VAB), un 8% máis, o que representa o 43,28% do PIB galego.

É unha das conclusións do Informe ARDÁN, elaborado coa análise de 45.000 empresas con datos de 2023 nos Rexistros Mercantís e resultados da enquisa 2025, e que foi presentado polo delegado do Consorcio, David Regades; o catedrático da USC Santiago Lago, a catedrática da UVigo Belén Fernández-Feijoo, o director Grupo



de Investigación XENE, UVigo, Miguel Rodríguez Méndez, e o alcalde de Vigo e presidente do CZFV, Abel Caballero.

O tecido empresarial da comarca de Vigo representa o 19 % de empresas de Galicia, e responsable

do 25,6 % da facturación xerada. O valor engadido bruto engadido aumentou un 10 % respecto ao exercicio anterior, o que consolida a Vigo como a comarca máis dinámica de Galicia entre as grandes en creación de riqueza.

Solucións ambientais para o Río Miño

O director da AECT Río Miño e Alcalde de Valença José Manuel Vaz Carpinteira; o Alcalde de Arbo e o presidente da Comisión Interministerial de Límites e Cuncas Hidrográficas Luso-Españolas (CILBH), o embaixador Carlos de

Sousa Amaro, mantiveron unha xuntanza co fin de responder á situación crítica do treito internacional do río Miño. Entre os retos por asumir están o curso de auga transfronteirizo, o asolagamento, as variacións de caudal, os impactos na actividade

pesqueira e a biodiversidade. Ademais, subliñouse a urxencia dunha actuación coordinada entre Portugal e España e así como a importancia de reforzar os mecanismos de cooperación existentes.

XIX Festa do Viño Tinto Rías Baixas

As Neves recibiu aos participantes na XIX Festa do Viño Tinto Rías Baixas, un encontro de tradición vitivinícola pola singularidade dos tintos da subzona do Condado. Os festexos combinaron a exaltación dos viños con actividades gastronómicas, culturais e de ocio, así como propostas familiares e infantís. A Deputación de Pontevedra colaborou cunha achega de preto de 13.000€ a través do +Provincia



e coa doazón de 35 camelias para rexenerar espazos públicos

e distribuír entre as trece parroquias do concello.

PINTURAS

BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

“Ponte...nas Ondas!”, premio Rosalía de Castro



A Deputación da Coruña fixo entrega do XVI Premio Rosalía de Castro da Lingua, na que foron galardoados Xosé Ramón Freixeiro Mato; Ponte nas ondas! (PNO!) e os proxectos CeibaRimas e Galego para peques.

Por outra banda, PNO! convocou a VIII edición do certame “Imaxes do Patrimonio”, onde

foron recibidos preto de medio milleiro de fotografías antigas e varias decenas de pódcast, promovido en conxunto coas Escolas de Barcelos, O Porto, Monção ou Póvoa de Varzim (Portugal), así como de Ponteceso, Ferrol, Negreira, Ordes, Foz, Mos, Santiago de Compostela, Vigo ou Noia (Galicia), entre outras.

Unha lingua sen fronteiras



A XXXV edición dos Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras” organizado pola RAG concluíu en Santiago de Compostela coa entrega dos diplomas aos sesenta estudantes procedentes dunha vintena de países de Europa, América e Asia que participaron nesta convocatoria contando coa presenza do presidente da RAG, Henrique

Monteagudo e do Instituto da Lingua Galega da USC. Nesta edición mergulláronse durante tres semanas estudantes procedentes de Alemaña, Finlandia, Francia, Hungría, Irlanda, Italia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Rusia, Suíza, Ucraína, A China, India, Uzbekistán, Arxentina, Brasil, Colombia, Cuba, EEUU e México, así como doutras comunidades autónomas.

Eficiencia enerxética para 38 Concellos pontevedreses

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, presidiu unha xuntanza cos 38 concellos beneficiarios de cinco proxectos de eficiencia enerxética que mobilizarán ata 4,26M€ e consistirán na instalación de paneis fotovoltaicos. Estes Concellos son Arbo, Baiona, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Crecente, Dozón, Fornelos de Montes, A Guarda, A Illa de Arousa, A Lama, Marín, Moaña,



Mondariz, Mondariz-Balneario, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tui, Valga, Vilaboa, Vila de Cruces e Vilanova de Arousa.

Galicia, líder europeo en investigación mariña

A conselleira do Mar, Marta Villaverde, mantivo un encontro de traballo co equipo responsable da coordinación do Programa de Ciencias Mariñas de Galicia onde constatou os avances en investigación e transferencia de coñecemento, así como o papel estratéxico de Galicia no Plan Complementario de Ciencias Marinas ThinkInAzul, e a continuidade de liñas de actuación estratéxicas máis aló de 2025.

No encontro estiveron presentes o Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC (IIM-CSIC), a Fundación Tecnolóxica do Mar (Cet-



mar) e o Centro Investigacións Mariñas da UVigo (CIM-Uvigo). Entre os avances figuran o programa de mapeo de información marina FARO e a Plataforma Big Data; a construción do modelo Ocean Health Index (OHI) de

identificación de vulnerabilidades; e a Matriz de Contabilidade Social, ferramentas que facilitan avaliar a interdependencia económica da pesca e integrar de maneira conxunta os efectos socioeconómicos e ambientais.

San Simón debe ser "Illa da Memoria"

Un acto realizado en Cesantes convocado polo Colectivo Republicano de Redondela, o voceiro do BNG Xoán Carlos González, reafirmou o seu compromiso porque a illa de San Simón debe ser catalogada como Lugar de Memoria Democrática ante a recente deci-

sión do goberno estatal de eliminar esta condición. Unha proposta que, segundo informan as fontes nacionalistas, "naceu do propio Movemento Memorialista Galego".

Explicou que o BNG seguirá a traballar por considerar a este espazo como "Illa da Memoria" e

un "referente galego da recuperación da historia da Guerra Civil e da loita pola democracia" respectando a "historia dos 6.000 represaliados que entre o ano 1936 e 1943 estiveron recluídos no cárcere franquista de San Simón defendendo a democracia".

Zona Franca aproba os orzamentos 2026



A Zona Franca aprobou os seus orzamentos 2026 con investimentos de máis de 26M€ para a área viguesa que amplían a súa capacidade de actuación para o período 2026-2029 con investimentos superiores aos 380M€, considerados os máis altos da súa historia.

Entre os proxectos destacan

a fábrica SPARC para semicondutores fotónicos, a ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, o Centro de Negocios para Redondela, o impulso á PLISAN, os novos parques empresariais na Cañiza, Cuntis e Gondomar e o HUB TIC para o Centro de Excelencia Aeroespacial e de Defensa de INDRA.

Récord histórico de emprego en xullo

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, destacou que Galicia rexistra o nivel de desemprego máis baixo nun mes de xullo de toda a serie histórica, con 107.858 persoas paradas, e a segunda me-

llor cifra desde que hai rexistros (1996), tras o fito acadado o pasado mes de xuño (107.254). Ademais, por segundo mes consecutivo, acádase o máximo histórico de afiliacións á Seguridade Social, con 1.113.486 cotizantes.

Guadi Galego e Valeria Castro nos "Xoves de Códx"

Dúas das mellores voces do panorama musical actual, Guadi Galego e Valeria Castro, participaron na terceira cita de Os Xoves de Códx 2025 este 7 de agosto na terraza de Adegas Martín Códx en Cambados. A recadación deste concerto foi destinado á entidade ASPANAES que traballa para mellorar a vida das persoas



con transtorno do espectro de autismo (TEA).

**Autoescuela
PONTEAREAS**
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

**CENTRAL
AGRICOLA
PONTEAREAS, S.L.**
Agro - Jardín - Ferretería
comercialareas@hotmail.com
986 66 11 91 - 629 52 24 18
Areas Picoto 36861 - Ponteareas

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA
Pasión por la Belleza
Síguenos en Facebook
C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

Irlanda acollerá a 32 estudantes coruñeses

O Concello despediu nun acto institucional no Monte de San Pedro aos 32 estudantes de 1º de bacharelato becados co programa 'Idiomas do Mundo 2025' e que realizarán un mes de inmersión lingüística na cidade irlandesa de Kilkenny con estadía en familias e formación en inglés oral.

O programa está integramente financiado polo Concello da Coruña, cun orzamento próximo aos 150.000€. Ao remate da estadía, o alumnado recibirá un certificado



oficial do nivel lingüístico acadado segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).

Cooperación contra incendios cos Países Baixos



O director xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez, recibiu na base aérea Verín-Oímbra ao vice-embaixador dos Países Baixos, Daniël Kooij, na que tamén participou unha delegación de bombeiros neerlandeses que está facendo a súa formación en ma-

teria de incendios forestais en Galicia. A visita inscribese no marco do Mecanismo Europeo de Protección Civil, que facilita o coñecemento de métodos, procedementos e ferramentas utilizadas polo Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPIF) da Xunta.

40.000€ para cursos de verán da UIMP

A deputada de Cultura da Deputación da Coruña, Natividad González, e a representante da Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP), María Jesús Lorenzo, asinaron un convenio de cooperación polo que a Deputación achegará 40.000€ para cofinanciar os cursos na sede de Galicia no ano 2026.

O programa contempla máis de 15 actividades formativas que abranguen disciplinas tan variadas como a medicina, a enoloxía, a biodiversidade, a divulgación científica, a historia, a arqueoloxía,



a psicoloxía, as matemáticas, o cinema e a literatura. As actividades realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026 en diferentes sedes da provincia, incluíndo A Coruña, Santiago de Compostela, Ribeira e o Pazo de Mariñán.

"Alfaroleiros" honra a artesanía de Oleiros

O Alcalde de Oleiros, Ángelo García Seoane, e o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, inauguraron na localidade de Santa Cruz a feira tradicional Alfaroleiros na que se honra o traballo artesanal da olearía, que mereceu unha mención de honra na pasada edición dos Premios Nacionais de Cerámica en Granada. A Deputación outorga 40.000€ para esta feira que com-



bina artesanía tradicional, música e gastronomía e na que participan unha vintena de obradoiros de olearía de España e Portugal.

VIGLOBAL conta motores

O Consorcio da Zona Franca de Vigo presenta a II edición do Congreso Económico Internacional VIGLOBAL a celebrarse o 12 e 13 de novembro na cidade olívica. A edición 2025 terá dúas xornadas diferenciadas: a primeira debaterá sobre xeopolítica e xeoconomía no novo taboeiro

global e a segunda sobre a Economía Dixital, IA, datos e o futuro do traballo. Están previstas as intervencións de Premios Nobel, representantes de organismos multilaterais, líderes empresariais, académicos de referencia e responsables públicos con capacidade de decisión en materias clave.

Cacerolada por Gaza

Diversos colectivos convocados por Insubmisas Contra o Rearmamento realizaron este 1º de agosto en Santiago, Vigo e Lugo unha Cacerolada Global Por Palestina e Contra o Xenocidio en Gaza para "romper o silencio cómplice e visibilizar a inxustiza".



Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

GASOLEOS TEA S.L.
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO
PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61
REPSOL

CONFITERIA Regino
Especialidade en rosquillas e melindres
Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa
Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.
Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834